

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte de outubro do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, don Manuel Doval Soto, don Pablo Pérez Pérez, dona Ana M.ª Villarino Pardo, dona Montserrat Lama Nóvoa e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita Xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.


Non asiste á sesión o deputado provincial don Plácido Álvarez Dobaño, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2017.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día seis de outubro de dous mil dezasete, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, coa seguinte observación:

- Unha vez advertido erro material consistente na duplicidade, tanto na relación de persoas asistentes á sesión como de non asistentes, do deputado provincial don Juan Anta Rodríguez, corríxese este, facendo constar na referida acta a falta de asistencia, por outra parte escusada, do citado deputado provincial.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA DA REDE VIARIA PROVINCIAL N.º 118/POS/2017, "ACONDICIONAMENTO E MELLORA NA OU-0506", NO TERMO MUNICIPAL DE OURENSE.- Á vista do escrito presentado polo xefe do Servizo Provincial de Vías e Obras, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:



NUMERADO
ORACIONES
OCALIS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017, no relativo á rede viaria provincial, incorporando o plan principal –en substitución da obra n.º 118/POS/2017, denominada “acondicionamento e mellora na OU-0506”, cun orzamento de 60.000,00 euros- a obra que seguidamente se describe, nos termos municipais de Boborás e Leiro:

- “Retirada de raíces na OU-0414 A Almuzara (N-541)-Leiro (OU-209) e OU-0463 As Laxas (OU-0414)-Boborás”, cun orzamento de 58.653,98 euros, (Boborás e Leiro), que levará asignado o número 133/POS/2017.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OURENSE E PROVINCIA.

No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 134.11/489.25, a cantidade de 2.500,00 euros a favor da Asociación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Ourense e Provincia, para xornadas de convivencia das agrupacións de voluntarios de protección civil.


Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Ourense e Provincia, nos seguintes termos:

-Importe: 2.500,00 €.

-Obxecto: xornadas de convivencia das agrupacións de voluntarios de Protección Civil de Ourense 2017.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serallén aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

Serie A N.º 2791592

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.


4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E CULTURAL A PONTE.- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01, a cantidade de 20.000,00 euros a favor do Concello de Montederramo, para arranxo de velorios en Vilaríño Frio e Chas.

Posteriormente, baseándose no escrito remitido polo Concello de Montederramo con data 11 de abril de 2017, e debido á existencia dun erro, no Pleno do día 30 de xuño de 2017, aprobouse a desagregación da dita subvención, quedando 10.000,00 euros a favor da Asociación de Veciños A Ponte, para arranxo do velorio en Vilaríño Frio, e outros 10.000,00 euros á Diocese de Ourense, para arranxo do velorio en Chas.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **acorda aprobar unha subvención á Asociación de Veciños e Cultural A Ponte, nos seguintes termos:**

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: Arranxo de velorio en Vilaríño Frio.

NUMERADO
ORACIÓNS
OCALS

Serie A N.º 2791692

Acta de Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/489.20, a cantidade de 50.000,00 euros a favor da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, para servizos de intermediación laboral.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar unha subvención á Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 €.

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

-Obxecto: Servizo de intermediación laboral para as persoas con discapacidade na provincia de Ourense.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contratada antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.


-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONSELLO REGULADOR PAN DE CEA.-

No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 432.12/480.01, a cantidade de 10.000,00 euros a favor do Consello Regulador Pan de Cea, para gastos de funcionamento.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar unha subvención ao Consello Regulador Pan de Cea, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

NUMERADO
ORACIONES
OCALS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe da subvención concedida, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.


De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/489.20, a cantidade de 50.000,00 euros a favor da Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense, para servizos itinerantes para a discapacidade no rural.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **acorda** aprobar unha

NUMERADO
ORACIÓNS
DE AIS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

subvención á Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 €.

-Obxecto: Servizos itinerantes polas zonas rurais da provincia de Ourense, para fomentar a inclusión das persoas con discapacidade.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.


Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN GALLEGA DE FÚTBOL.-

No Pleno, con data 30 de xuño de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 3/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.08, a cantidade de 42.500,00 euros a favor da Federación Gallega de Fútbol, para Copa Deputación de Ourense.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa



NUMERADO
ORACIÓN
OCALIS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Federación Gallega de Fútbol, nos seguintes termos:

-Importe: 42.500,00 €.

-Obxecto: celebración da Copa Deputación de Fútbol 2017.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.


De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DO BOLO.- Nas bases de execución do orzamento do exercicio 2016 consignouse unha subvención nominativa ao Concello do Bolo, para 4ª fase de obras de abastecemento e saneamento en Teixido, por importe de 40.000,00 euros, con cargo á aplicación 450.12/762.01, que foi incorporada ao exercicio 2017.

Posteriormente, no Pleno do día 30 de xuño de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 3/2017 de modificación orzamentaria, no que se propón o cambio de finalidade da dita subvención, para "4ª fase de obras de abastecemento e saneamento en Teixido", por importe

NUMERACIÓN
ORACIÓNS
OC AIS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

de 10.284,72 euros, e "obras de rehabilitación da antiga escola de Chao das Donas para local social", por importe de 29.715,28 euros.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello do Bolo, nos seguintes termos:

-Importe: 10.284,72 euros.

-Obxecto: 4ª fase das obras de abastecemento e saneamento en Teixido.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DO BOLO.- Nas bases de execución do orzamento do exercicio 2016 consígnouse unha subvención nominativa ao Concello do Bolo, para 4ª fase de obras de abastecemento e saneamento en Teixido, por

NUMERADO
ORACIÓNS
OCA/S

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

importe de 40.000,00 euros, con cargo á aplicación 450.12/762.01, que foi incorporada ao exercicio 2017.

Posteriormente, no Pleno do día 30 de xuño de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 3/2017 de modificación orzamentaria, no que se propón o cambio de finalidade da dita subvención, para "4ª fase de obras de abastecemento e saneamento en Teixido, por importe de 10.284,72 euros, e "obras de rehabilitación da antiga escola de Chao das Donas para local social", por importe de 29.715,28 euros.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na legislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello do Bolo, nos seguintes termos:

-Importe: 29.715,28 euros.

-Obxecto: rehabilitación da antiga escola de Chao das Donas para local social.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

NUMERACIÓN
ORACIONES
DCAIS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PONTEDEVA.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 60.000,00 euros, a favor do Concello de Pontedeza, para obras municipais executadas.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Pontedeza, nos seguintes termos:

-Importe: 60.000,00 euros.

-Obxecto: obras municipais executadas.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SARREAUS.- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, a favor do Concello de Sarreaus, para construción dun velorio en Sarreaus.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Sarreaus, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 euros.


-Obxecto: modificación de local social para adaptalo a velorio en Sarreaus.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán lle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.



NUMERADO
ORACIÓN
CAIS

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 20 de outubro de 2017

13.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.**14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-** Non se presentaron.**15.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día vinte de outubro do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O WICESECRETARIO,



NUMERADO
ORACIÓN
OGAIS